<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación.</li> <li>- O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.</li> <li>- Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A Idade Media.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer algúns dos procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual. Sentir empatía e respecto polas outras culturas e manter referentes de igualdade.	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes ao longo da historia, con referentes de igualdade entre homes e mulleres ao longo da historia, e situalos na liña do tempo.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de forma segura e eficiente, buscando información e compartindo a información. Traballar en equipo de forma axeitada.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Seleccionar a información relevante e adquirir e utilizar un léxico básico relacionado co medio natural.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Mostrar actitudes de igualdade e condutas non discriminatorias, apoiadas na liberdade.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
		TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).</li> </ul>



### Contidos

- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
8	A Idade Moderna	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer algúns dos procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual. Sentir empatía e respecto polas outras culturas e manter referentes de igualdade.	PE	60
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes ao longo da historia, con referentes de igualdade entre homes e mulleres ao longo da historia, e situalos na liña do tempo.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de forma segura e eficiente, buscando información e compartindo a información. Traballar en equipo de forma axeitada.	TI	40
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Seleccionar a información relevante e adquirir e utilizar un léxico básico relacionado co medio natural.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Mostrar actitudes de igualdade e condutas non discriminatorias, apoiadas na liberdade.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).
- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao uso de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, no que se conecten os contidos das distintas áreas,, abordando os diferentes elementos de formaai transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

Para alcanzar este obxectivo, realizaremos:

- Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, para fomentar a participación, curiosidade e motivación na aprendizaxe.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico través de diversas investigacións e traballos cooperativos.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
- Unha exposición final que recolla o traballo de investigación do alumnado relacionado cos inventos na Idade Moderna.

Na practica docente teremos en conta os seguintes principios metodolóxicos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que tiñan sentido para o alumno.

- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Apoio visual e manipulativo na introdución e consolidación das aprendizaxes.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper o ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Valoración e reforzo dos éxitos acadados.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexan efectivas, con hábitos que se deberán consolidarse a partir do primeiro trimestre.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TICs, procesadores de texto, gráficos, imaxes, presentacións visuais e plásticas como lapbooks, murais, colaxes... para o que se deseñaran guías que lles axuden para consolidar o traballo autónomo.

Á hora de organizar a aula teremos en conta as características do alumnado: ritmo de traballo, nivel de concentración nas tarefas, grado de autonomía na aprendizaxe, necesidades educativas...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal. Utilizaremos as diferentes editoriais e recursos dispoñibles en Edixgal segundo a Unidade Didáctica a traballar e a adaptación dos contidos ás características do noso alumnado.
Ordenadores do alumnado.
Recursos tecnolóxicos da aula e centro: Pizarra dixital, proxectores, croma, impresoras, impresora 3D...
Caderno do alumno.
Materiais elaborados polo profesorado en diferentes formatos: vídeos, presentacións...
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Mapas e planisferios.
Programas de procesamento de textos: write, impress...
Plataformas on line: canva, genially, padlet, liveworksheet...
Google Earth, Arts...
Biblioteca de aula, centro, bibliotecas municipais...
Todos os espazos do centro que consideremos necesarios en función da actividade.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa e que desperte a súa interese por aprender.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso.

Para a avaliación utilizaremos distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test ou probas específicas, traballos individuais, actividades de aula... A información recollida permitiranos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, detectar as necesidades educativas e poñer en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Ao inicio de cada unidade didáctica realizarase unha pequena avaliación para ver os coñecementos previos do alumnado e a súa motivación de cara á unidade.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será sistemática, continua, formativa e integradora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>14</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	40	60	34	60	60	60	60	<b>55</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	60	40	66	40	40	40	40	<b>45</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e orais e as táboas de indicadores.

As probas escritas e orais serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1 + UD2 + UD3

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD4 + UD5 + UD6

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD7 + UD8

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

- Trimestral se acada un 5.

- Final se ten avaliación positiva nos tres trimestres ou se evoluciona favorablemente ao longo do curso aínda que teña avaliación negativa nalgún trimestre.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final.

Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención

Co fin de axustarnos o máximo posible á realidade do noso alumnado e detectar o máis pronto posible as necesidades educativas realizarase unha valoración inicial por parte dos titores na que se terá en conta os intereses do alumno/a, as competencias acadadas no curso anterior, situación sociocultural e económica da familia, informes médicos ou doutros profesionais que fagan referencia ás necesidades do alumno/a...

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula á características do alumnado.
- Metodoloxía que ten en conta o traballo colaborativo e que promova a inclusión.
- Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo ( medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e ao todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula as adaptacións do currículo) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais.

O titor ou mestre responsable da área será o encargado de facer, se é preciso, do programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes onde se contemplan as necesidades e posibilidades que ten o neno para acadar os obxectivos propostos.

O programa de reforzo realizarase de forma individualizada e farase en colaboración con aqueles especialistas que traballen cos nenos. O programa estará suxeito a variacións dependendo dos avances e retrocesos do alumno. Valorarase o citado programa de forma trimestral, aínda que no día a día tamén se terá en conta o traballo realizado polo alumno na aula.

### MEDIDAS ESPECÍFICAS

- Adaptacións curriculares: Modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. Orde do 6 de outubro de 1995.
- Agrupamentos flexibles: ¿Así mesmo poderase constituír con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial? Orde do 27 de decembro de 2002, Artigo 18º.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que están debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar? Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artigo 19º
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.

- Grupos adaptados da competencia curricular.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X			X	X
ET.6 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable.			X	X	X	X		
ET.11 - Desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X		X		
ET.12 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.					X	X		
ET.15 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na aula promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Estes valores traballaranse, tamén, tendo como base o plan de acción tutorial, tendo como eixe vertebrador as normas da aula e do centro.

Tamén, se educará nos valores cívicos e constitucionais, e promoveranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a prevención de calquera tipo de violencia. Incidiremos na idea de igualdade, a paz e o respecto polos dereitos humanos. Traballaremos con apoio de textos, que eles terán que ler, sobre os dereitos dos nenos.

Promoveranse actitudes que axuden á prevención da violencia de xénero, terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual.

A materia de ciencias sociais é ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a museos, Arquivo de Galicia, exposicións...	X		X
Saídas á contorna.	Roteiros guiados pola cidade para coñecer o patrimonio cultural e social.	X	X	X
Charlas formativas e obradoiros.	Plan director, persoal de institucións e ONGs impartiran formación sobre redes sociais, igualdade, infancia en situación de risco...	X	X	X
Visitas a institucións	Concello da Coruña, Parlamento de Galicia...		X	X
Conmemoracións e celebracións.	Samaín, Magosto, Entroido, Violencia de Xénero, Día da Muller, Día do Acoso escolar, Letras Galegas...	X	X	X
A ruta da auga.	Visita se é posible a planta potabilizadora da Telva.		X	

### Observacións:

As actividades complementarias a realizar estarán deseñadas para favorecer e facilitar a consecución dos obxectivos e propiciar o gusto pola aprendizaxe. A súa realización dependerá da temporalización, que non coincidan coas datas de avaliación, do custo económico no caso das que se realicen fóra do centro, da dispoñibilidade do profesorado de apoio...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.

Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Procedementos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Aproveitamento dos recursos materiais e persoais dispoñibles.
Medidas de atención á diversidade
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Consegue motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Cal é o grao de coordinación docente?
Reunións e participación das familias no proceso.
Práctica docente.

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaremos unha avaliación dos procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos das áreas e da etapa e co desenvolvemento das competencias básicas para, de ser preciso, aplicar as medidas correctoras pertinentes. Esta avaliación farase nas sesións de avaliación trimestrais e sempre que consideremos oportuno para axustala ás necesidades de ensino aprendizaxe que aparezan ao longo do curso escolar.

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021792	CEIP Plurilingüe Salgado Torres	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	64
4.2. Materiais e recursos didácticos	65
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	66
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	68
6. Medidas de atención á diversidade	70
7.1. Concreción dos elementos transversais	71
7.2. Actividades complementarias	73
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	75
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	75
9. Outros apartados	76

## 1. Introducción

### 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 5º curso de Educación Primaria, realizada en base ao Proxecto Curricular do centro e tendo en conta o DECRETO 155/2022, de 15 de setembro polo que se establece a ordenación o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 5º de E. Primaria:

- Ámbito cognitivo: están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza

muscular.

- Ámbito afectivo-social: comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a desempeñar un papel moi importante

Contextualización:

- Centro: CEIP Salgado Torres
- Unidades: 15 (12 en EP)
- Curso: 5º
- Contorna: Urbano
- Instalacións: ximnasio, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	3,2,1...xa!	Presentación, normas, actividades cooperativas. Aviación Inicial.	6	4	X		
2	O meu mellor amigo	Hábitos saudables, alimentación e hixiene postural. Esquema corporal. Prevención de lesións e Primeiros auxilios.	15	9	X	X	X
3	Vai polo aire	Habilidades Motrices Básicas (Lanzamentos e recepcións)	6	5	X		
4	Resistencia	Capacidades Físicas básicas (Resistencia)	6	5	X		
5	Deportes I	Bádminton	8	6	X		
6	Comba e Parkour	Habilidades Motrices Básicas (Saltos e desprazamentos)	6	5	X		
7	Velocidade	Capacidades Físicas Básicas (Velocidade)	6	4		X	
8	Exprésate!	Expresión Corporal	6	4		X	
9	Deportes II	Baloncesto	8	5		X	
10	Ultimate	Habilidades Motrices Básicas (Lanzamentos	6	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Ultimate	e recepcións)	6	4		X	
11	Acrosport	Capacidades Físicas Básicas (Coordinación e equilibrio)	5	4		X	
12	Deporte Alternativo	Floorball	8	5			X
13	Máquina do tempo	Xogos Populares e Tradicionais	7	5			X
14	Moi natural	Actividades no Medio Natural	7	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	3,2,1...xa!	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Adquirir hábitos de vida saudables e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade.		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira,		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construindo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a</li> </ul>

## Contidos

- interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Léxico relativo á identificación persoal.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
9	Summer time	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos	PE	20
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais	TI	80

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves adecuados ás intencións comunicativas usando con axuda recursos físicos ou dixitais		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada en situacións cotiáns estratexias elementais para saudar despedirse e presentarse formular e contestar preguntas sinxelas expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar , de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída usando recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no</li> </ul>



## Contidos

- espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Léxico relativo ao lecer e tempo libre.
- Léxico relativo a relacións persoais próximas.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipótesis para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só han de adquirir uns coñecementos, senón que han de ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das Competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.



O alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Student's Book. Están explicadas no Teacher's Guide e poden ser de grandísima utilidade para o quefacer diario do profesor.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto o alumno é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/para debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros se producen cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo pódelle ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal do alumnado na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabile para cada unidade o que permite ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. Tal e como está concibida, o profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras materias curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo alumno e a continuación coa exploración do mundo que lles rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio ambiente e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais materias do Currículo: Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Xeografía e Historia, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, para estes efectos, paradigmático). Por iso, as Competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puidera adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de alcanzar determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.
12. Cancións e rimas.
13- Actividades DUA.

O alumnado de 5º de Primaria atópase no plan Edixgal da Consellería de Educación. Cada estudante conta cun ordenador propio e gran parte dos contidos son proporcionados a través da plataforma de Edixgal.

Nesta plataforma, o mestre vai subindo recursos acordes cos obxectivos e contidos do curriculum LOMLOE para 5º de Educación Primaria:

Archivos Pdf coa información mais relevante de cada unidade didáctica.

Enlaces a actividades ofrecidas en distintas webs.

Vídeos que conteñen información relacionada coa temática a tratar.

Tarefas elaboradas polo propio mestre e que os alumnos teñen que resolver dixitalmente.

Instrucións para actividades que o alumnado debe presentar de xeito oral ou escrito.

- Pizarra dixital nas que se presentan e resolven actividades na aula.
- Proxector que permite ensinar e traballar un mesmo recurso todo o alumnado xunto.
- Libreta para realizar e organizar as tarefas.
- Caderniño de actividades "All About Us Now 5" nos que se realizan exercicios relacionados co Currículo LOMLOE.
- Recursos multimedia da editorial Oxford.
- Xogos didácticos manipulables relacionados con vocabulario ou estruturas do 5º nivel de EP.
- Xogos de mesa monotemáticos sobre as principais festividades do ano.

- Colección de libros de lectura graduados en niveis de dificultade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso faremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Esta avaliación inicial recollerá os aspectos máis significativos traballados no curso anterior e farase a través dunha sinxela proba escrita e unha presentación oral de cada alumno. Os resultados servirán como punto de partida para o curso académico.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	15	25	30	0	0	0	50	0	20	<b>14</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	85	75	70	100	100	100	50	100	80	<b>86</b>

### Criterios de cualificación:

O currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguemento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva: traballos grupais, traballos individuais escritos e orais, lecturas e resumos, investigacións, actitude ante a aprendizaxe e a propia autoavaliación entre outras. No caso da avaliación sumativa, será a través de probas orais e escritas. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade da propia avaliación.

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de cualificación:

Insuficiente (IN): Non conseguido

Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo

Ben (BE): Conseguido con nivel medio

Notable (NT): conseguido con nivel alto

Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente

Para poder avaliar aos alumnos utilizaremos a observación directa, proba escrita, proba oral e caderno de clase.

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Prestarase especial atención ao o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. .., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X				X			
ET.2 - Os dereitos da Infancia		X					X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X			X				
ET.4 - Respeto polo medio ambiente			X			X		

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X
ET.4 - Respeto polo medio ambiente	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	
Auxiliar de conversa	Fará exposicións na aula relacionadas coa cultura inglesa.	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, agosto, 25N, nadal, entroido, primavera e festa de fin de curso.	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Thanksgiving, Christmas, Saint Patrick e Easter.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación didáctica: INDICADORES DE LOGRO: Non se adecúa ao contexto da aula / Adecúase parcialmente ao contexto da aula / Adecúase completamente ao contexto da aula.
Competencias: INDICADORES DE LOGRO : Non se desenvolveron a maioría das competencias relacionadas coa materia / Desenvolvéronse parte das competencias relacionadas coa materia / Logrouse o desenvolvemento das competencias relacionadas con esta materia.
Metodoloxía empregada
Práctica docente: INDICADORES DE LOGRO: A práctica docente non foi satisfactoria / A práctica docente foi satisfactoria parcialmente / A práctica docente foi satisfactoria
Métodos didácticos e pedagóxicos: INDICADORES DE LOGRO: Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima de aula e de centro / Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima de aula e de centro / Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima de aula e de centro
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos: INDICADORES DE LOGRO: Os materiais e recursos didácticos utilizados non foron os adecuados / Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados / Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados

### **Descrición:**

O proceso de recollida de información terá lugar ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe por parte do propio docente.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021792	CEIP Plurilingüe Salgado Torres	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34



## 1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura de 5º de primaria.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 5º de Educación Primaria do CEIP Salgado Torres da Coruña capital, e é un documento que van utilizar as titoras do nivel como guía para o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Nel recóllense os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, os criterios de avaliación, as competencias chave e a metodoloxía que se vai a utilizar na área de Lingua Castelá e Literatura de 5º de primaria.

Este é un documento flexíbel que se irá adaptando ás necesidades educativas que aparezan ao longo do presente curso escolar.

O alumnado atópase nun período de idade comprendido entre os dez e os doce anos, que se caracteriza por uns trazos evolutivos que afectan ao seu desenvolvemento socioafectivo e intelectual.

### DESENVOLVEMENTO SOCIOAFECTIVO.

Os nenos e nenas presentan unha autonomía e unha autodeterminación que ata agora non amosaban e que constitúe uns dous trazos esenciais desta etapa de desenvolvemento; mais continúan sendo moi sensibles ás influencias do seu grupo. Pódese dicir que necesitan ao grupo para comprender o seu mundo e requiren de estímulos suficientes para exteriorizar de forma controlada a súa afectividade.

**DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL.** Nesta idade teñen unha visión máis obxectiva da realidade e alcanzan maior capacidade de operar cos sistemas de símbolos da linguaxe, as matemáticas e a vida social. Adquiriron mecanismos mentais que os distancian do mundo dos obxectos directamente percibidos e das accións concretas sobre eses obxectos. Agora poden operar con símbolos, aínda que necesitan axuda para realizar estas operacións; ademais, empezan a comprender que nunha situación dada interveñen e funcionan moitos factores, e tratan de separalos. En xeral, aos doce anos desenvólvese o dominio das operacións formais e dos razoamentos, que levan a identificar as consecuencias dos feitos ou a deducir novas ideas doutras xa coñecidas.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 400 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria. Hai en 5º 2 grupos de 21 e 22 alumnos e alumnas.

O colexio ten horario de xornada continua, de 9:00 a 14:00.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área como unha biblioteca incluída en PLAMBE.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos achegados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Centrándonos na propia área de Lingua e Literatura Galega, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensinanza-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases non propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Estrutturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Falamos e coñecémonos!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.)	11	16	X		
2	Investigamos.	Diversidade lingüística (distintas formas do galego)	11	16	X		
3	Creamos cousas novas!	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais (expositivos, instructivos, debates).	11	16	X		
4	Así me sinto.	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das	12	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Así me sinto.	historias.	12	15		X	
5	A beleza da lingua.	A poesía recitada e as cancións.	11	15		X	
6	Así son eu.	Expresión de vivencias persoais.	11	16		X	
7	Argumentamos e respectámonos.	O debate como forma ordeada de intercambio de ideas, con respecto polas diferentes opinións,	11	15			X
8	Somos reporteiros e reporteiros.	O debate (xogo de roles e asimilación da postura contraria). A entrevista (interacción coa persoa entrevistada)	11	15			X
9	Os medios de comunicación	A comunicación oral por medios dixitais (radio e TV). La prensa escrita en los distintos soportes.	11	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Falamos e coñecémonos!	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros e compañeiras con lingua materna diferente	TI	100
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un texto breve instructivo de forma comprensiva.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.</li> <li>- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.</li> <li>- Contexto             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.</li> </ul> </li> <li>- Procesos: interacción oral.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.</li> </ul> </li> <li>- Procesos: comprensión oral             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> </ul> </li> <li>- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.</li> <li>- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.</li> <li>- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.</li> <li>- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.</li> <li>- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.</li> <li>- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Investigamos.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Recoñece nas conversas os interlocutores e interlocutoras en galego.	TI	100
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece o galego, o castelán e o inglés en textos escritos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, prequestionar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Expresa a súa opinión en conversas grupais de maneira activa.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais comparadas con conversas docente/discente.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os sustantivos nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece a totalidade dos sustantivos dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou coa axuda do dicionario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.
- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Procesos: interacción oral.
  - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
  - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Os medios de comunicación	16

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas	PE	55
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	45
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan producir nos medios de comunicación.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> <li>- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.</li> <li>- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.</li> </ul>



## Contidos

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua castelá e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.

Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dito o anterior, a metodoloxía empregada será activa, dinámica e participativa, buscando potenciar a autonomía do alumnado na toma de decisións, aprender por si mesmos e o traballo colaborativo e cooperativo, a busca selectiva de información e a aplicación do aprendido a novas situacións.

Partimos de que o proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sos.

- Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.

- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

- Na aula os menos/as estarán sentados en grupos cooperativos, e moitas das tarefas faranse de forma colectiva co fin de fomentar valores como o respecto, a empatía, a axuda desinteresada, habilidades sociais. A distribución poderá variar en función das relacións, a adaptación do alumnado e das tarefas a realizar, buscando sempre o agrupamento que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais:

- Teremos en conta o papel que xogan as emocións no proceso de ensino aprendizaxe e proporcionárolle ao alumnado un ambiente relaxado onde se sinta cómodo e seguro.

- Buscaranse actividades motivadoras e que se axusten aos intereses do alumnado.

- Realizaranse actividades de carácter lúdico que axuden á socialización do alumno/a dentro do grupo clase.

- O ESPAZO para levar a cabo o proceso de ensinanza non se limitará á aula e a utilización dos diferentes espazos do centro (biblioteca, patios, horto...) e outros espazos como museos, saídas ao campo, á rúa (sempre que se podan realizar dentro do protocolo covid) será moi importante para a realización dalgunhas actividades de forma máis vivencial.

- O centro está integrado no proxecto E-DIXGAL e utilizamos o libro dixital que nos ofrece a plataforma virtual e diferentes recursos TIC que usamos para ampliar e elaborar contidos, facilitar e motivar a aprendizaxe...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado
Portátil de aula e do profesora ou profesora, e PDI
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de literatura
Fontes documentais de internet

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial que constará:

- Exame dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortografía.
- Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

A maiores, debemos coñecer a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

O número de alumnos e alumnas:

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares. As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de

tempos grupais para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	44	37	42	76	34	50	55	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	56	63	58	24	66	50	45	<b>62</b>

### Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas ás probas escritas ou orais e as táboas de indicadores.

As probas escritas e orais faránse ao longo de cada Unidade didáctica e poderán ser: textos, lecturas en alto e en silencio e comprensión lectora, esquemas, resumos, mapa conceptuais, etc. e probas obxectivas.

As táboas de indicadores farán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Ademais, terase en conta diariamente:

-Tarefas realizadas en tempo

- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

- Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.

- Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferenzas.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as tres unidades didácticas, obterase o promedio das tres, e darán a nota da avaliación.

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

### Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención

Co fin de axustarnos o máximo posible á realidade do noso alumnado e detectar o máis pronto posible as necesidades educativas realizarase unha valoración inicial por parte dos titores para o que nos faremos dúas preguntas:

### QUE VALORAR?

Rendemento do alumno no curso anterior.

Personalidade.

Afeccións e intereses.

Motivación e actitude de cara ás aprendizaxes.

Situación sociocultural e económica da familia.

Outras.

### COMO OBTENIR A INFORMACIÓN?

Avaliacións iniciais.

Informes mestres de cursos anteriores ou do D.O.

Cuestionario ou entrevista co alumno/a.

Entrevista coa familia.

Outras.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, nos artigos 71 a 79 bis, di que se establecerán as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa.

Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula á características do alumnado.

Metodoloxía que ten en conta o traballo colaborativo e que promova a inclusión.

Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.

Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Reforzo educativo ( medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos

agrupamentos de alumnos e ao todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula as adaptacións do currículo) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Programas de enriquecemento curricular.

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Programas de recuperación.

Programas de habilidades sociais.

Tendo en conta os resultados do curso anterior, o titor ou mestre responsable da área será o encargado de facer, se é preciso, do programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes onde se contemplan as necesidades e posibilidades que ten o neno para acadar os obxectivos propostos. Para elo teranse en conta os resultados da avaliación inicial.

O programa de reforzo realizarase de forma individualizada e farase en colaboración con aqueles especialistas que traballen cos nenos. O programa estará suxeito a variacións dependendo dos avances e retrocesos do alumno. Valorarase o citado programa de forma trimestral, aínda que no día a día tamén se terá en conta o traballo realizado polo alumno na aula.

#### OUTRAS MEDIDAS ESPECÍFICAS E EXCEPCIONAIS:

- Adaptacións curriculares: Modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. Orde do 6 de outubro de 1995.

- Agrupamentos flexibles: ¿Así mesmo poderase constituír con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial? Orde do 27 de decembro de 2002, Artigo 18º.

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que están debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar? Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artigo 19º

- Flexibilización da duración do período de escolarización.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Grupos de adquisición das linguas.

Grupos adaptados da competencia curricular.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	
ET.6 - Educación emocional e en valores	

**Observacións:**

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á casa de Emilia Pardo Bazán	Visita á casa de Emilia Pardo Bazán	X		
Visita ao Parlamento galego ou Concello	Visita ao Parlamento galego ou Concello		X	
Visita á Casa grande de Xanceda	Visita á Casa grande de Xanceda			X
Excursión de final de curso	Excursión de final de curso			X

**Observacións:**

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS son aquelas que están integradas na actividade lectiva diaria en horario de mañá.

As actividades complementarias a realizar estarán deseñadas para favorecer e facilitar a consecución dos obxectivos e propiciar o gusto pola aprendizaxe. A súa realización dependerá da temporalización, que non coincidan coas datas de avaliación, do custo económico no caso das que se realicen fóra do centro, da dispoñibilidade do profesorado de apoio...

Actividades complementarias dentro do centro: As actividades a realizar estarán relacionadas co tema do Proxecto do Centro e coas distintas conmemoracións que se propoñen no calendario escolar e se organicen desde os diferentes equipos do centro (Acoso Escolar, Samaín, Magosto, Día da Infancia, Violencia de Xénero, Dereitos Humanos, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Día da Muller, Semana da Prensa, Día das Letras Galegas, ...). A nivel de aula realizaremos aquelas que consideremos necesarias e importantes para o proceso de aprendizaxe.

Ademais, temos previsto que se veñan a realizar actividades ao centro de:

Plan director.

Rede de escolas.

Encontro con escritores...

Actividades complementarias fóra do centro: Elixiremos as máis convintes entre as ofertadas polos distintos organismos (Concello, Deputación, Museos, Fundacións...).

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Metodoloxía empregada
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os dous mestres/as do nivel.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.

## Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfíle con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021792	CEIP Plurilingüe Salgado Torres	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

Esta programación didáctica englobase dentro do Decreto 155/2022, do 15 de setembro que establece o currículo para a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Levarase a cabo dende a área de matemáticas no CEIP Salgado Torres, situado na cidade de A Coruña, no barrio de Elviña. O centro conta en Educación Primaria con 12 unidades, por tanto, é de liña dúas, a diferenza que na Educación Infantil que só conta con 3 unidades.

O alumnado a quen vai dirixida a programación ten dez anos e por tanto atópase no quinto curso da etapa, poden atopar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales recolleranse medidas específicas (ACI, adaptacións metodolóxicas,).

No centro contamos con unhas moi boas instalacións que permítenos aproveitar recursos como son : o patio, a horta escolar o xardín, e a nova aula de Polo Creativo con gran cantidade de material didáctico como robots, impresora 3D, material manipulable, que utilizarase para complementar o aprendizaxe.

Esta programación didáctica está deseñada co fin de que todos os alumnos alcancen o desenvolvemento máximo das súas potencialidades fomentando o seu interese polas matemáticas. Para iso, iniciarase aos alumnos/as na alfabetización matemática e na resolución de problemas sinxelos próximos ao seu contexto cotián aplicando o razoamento matemático, seleccionando as ferramentas adecuadas para a súa resolución, interpretando as solucións no seu contexto e tomando decisións estratéxicas.

A programación está distribuída en 6 unidades didácticas nas que se establecen os distintos obxectivos e contidos a traballar. Realizarase de maneira interdisciplinar coas materias de ciencias da natureza e ciencias sociais, e integrando o PDI do centro en cada unha das unidades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2	2	4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5	2	1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3	2	1-3	2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os seres vivos na nosa granxa	<p>Nesta primeira unidade traballaremos de maneiras globalizada coas ciencias naturais o que nos proporcionará contextos cotiás para desenrolar os distintos contidos de maneira contextualizadas.</p> <p>O número dos distintos animais que podemos atopar nunha granxa servirá de contexto para introducir os conceptos a traballar cun enfoque interdisciplinar e integrador:                      Contar, descompoñer, comparar, ordenar e</p>	15	23	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os seres vivos na nosa granxa	representar números ata o 999.999. Contar, medir e facer cálculos utilizando as diferentes unidades de tempo, de masa e de lonxitude, resolvendo problemas sinxelos. Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas	15	23	X		
2	Matemáticas cotiás	Seguiremos traballando no mesmo contexto da granxa, centrando o noso traballo na resolución de problemas cotiás:, así como comparar, ordenar e representar números decimais en rectas numéricas. Delimitar os espazos dun plano con liñas e polígonos. Debuxar e clasificar ángulos que encontramos na natureza. Representar información en gráficos de barras.	15	23	X		
3	As matemáticas nas Ciencias Sociais I	O traballo intradisciplinar das ciencias sociais e das matemáticas será o eixe vertebrador no 2º e 3º Trimestre ,O PDI deste curso, sobre os inventos ao longo da historia axudará a contextualizar as aprendizaxes, así nesta unidade o estudo do universo e do sistema solar, serviranos para contextualizar o aprendizaxe dos seguintes conceptos : A división de números decimais. Fraccións. Lectura, escritura, ordenación e representación. Potencias. Representación e cálculo. Achar os patróns de series numéricas e xeométricas sinxelas. Fusos horarios.	15	22		X	
4	As matemáticas nas Ciencias Sociais II	Nesta unidade continuaremos o traballo coas ciencias sociais e as matemáticas, sendo os sentidos matemáticos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxebraico e , mais o da medida e o numérico . os seguintes conceptos: Identificar diferentes formas poligonais e os seus elementos na contorna. Debuxar polígonos utilizando diferentes ferramentas. Cálculo de perímetros de polígonos regulares e irregulares. Utilización de diferentes unidades de medida. Expresar a medida dunha superficie nas unidades adecuadas. Facer cambios de unidades de superficie. Interpretar e organizar información escrita en esquemas e táboas de dobre entrada. Situacións de aprendizaxe 11-14-16-18 A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribución	15	24		X	
5	Viaxamos a Idade Media	Entender o emprego das matemáticas ao longo da historia para conseguir alcanzar os obxectivos propostos, será unha das finalidades desta unidade: Valorar o esforzo de homes e mulleres nesta época tan difícil,	20	24			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Viaxamos a Idade Media	axudará a introducir conceptos cotiás para nos: Identificar diferentes formas poligonais e os seus elementos na contorna. Debuxar polígonos utilizando diferentes ferramentas. Cálculo de perímetros de polígonos regulares e irregulares. Utilización de diferentes unidades de medida. Expresar a medida dunha superficie nas unidades adecuadas. Facer cambios de unidades de superficie. Interpretar e organizar información escrita en esquemas e táboas de dobre entrada. Uso de probabilidades e diagnósticos, Situacións de aprendizaxe 11-14-16-18 o traballo en equipo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	20	24			X
6	Chegamos ao Final da Viaxe: A Idade Moderna	Chegamos ao final coa preparación da exposición sobre os inventos na Idade Moderna na que aplicaremos os distintos coñecementos adquiridos e implementaremos os seguintes : Operar con decimais e fraccións. Atopar a equivalencia entre unha fracción e unha porcentaxe. Cálculo de descontos de diferentes prezos a partir da porcentaxe do desconto. Cálculo de volumes. Unidades de capacidade e de volume. Identificación e descrición dos poliedros e dos corpos redondos máis habituais. Situacións de aprendizaxe 23-24-27-28-29	20	24			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os seres vivos na nosa granxa	23

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Resolver problemas da vida cotiá utilizando as matemáticas.	PE	65
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar a estratexia adecuada para resolver un problema sinxelo		
CA4.8 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Relacionar diferentes elementos matemáticos.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas axeitadas ao proceso de investigación.	TI	35
CA2.1 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Colaborar no reparto de tarefas asumindo as responsabilidades individuais		
CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Interpreta a linguaxe matemática e adquire vocabulario matemático sinxelo.		
CA4.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Utilizar linguaxe matemática adecuada para comunicar os procesos matemáticos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular conxecturas matemáticas sinxelas de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto sistemático, adaptación do cálculo ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999 999 e decimais ata as centésimas.</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición (manipulativa, gráfica e simbólica) de números naturais ata o 999 999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Matemáticas pretende iniciar aos alumnos na capacidade de enfrontarse con éxito a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións, permitindo obter información efectiva, directamente ou a través da comparación, a estimación e o cálculo mental ou escrito.

O ensino desta área será eminentemente experimental, os contidos de aprendizaxe deben tomar como referencia o que resulta familiar e próximo e deben abordarse en contextos de resolución de problemas e de contraste de puntos de vista. As matemáticas deben aprenderse en contextos funcionais relacionados coa vida diaria para adquirir progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e os coñecementos previos.

A resolución de problemas debe ser un dos eixes principais da actividade matemática, á vez que fonte e soporte principal da aprendizaxe, debido á gran cantidade de capacidades básicas necesarias para a súa resolución e á

importancia do seu desenvolvemento. Así pois, a resolución de problemas convértese no eixe vertebrador de todos os contidos do área, ao abordalos de forma relacionada e cíclica.

Estamos inmerso no Proxecto EDIXGAL de implantación de contidos dixitais que se se presentan ao alumnado a través do entorno virtual de aprendizaxe (EVA). O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de 5o curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.
- No 2º e 3º trimestre, traballaremos as matemáticas e as ciencias sociais, integrando o PDI do centro nas actividades diarias destas dúas materias.

Nas distintas UD están recollidos os contidos a traballar.

A metodoloxía utilizada será aberta, flexible e partirá dos intereses e gustos dos alumnos, ademais de comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, xunto coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A aprendizaxe cooperativa será unha estratexia de aprendizaxe fundamental así como a manipulación, representación e abstracción, adaptando os tempos para a realización das distintas actividades segundo a dinámica da aula.

Traballarase tanto online como en caderno, o que se revisará periodicamente para valorar o traballo realizado.

Organización dos espazos e recursos: A aula estará organizada por grupos cooperativos en mesas colocadas en grupos de 5 agás un que será de 4 alumnos.

Os materiais manipulativos estarán ao alcance dos alumnos en andeis, previamente presentaranse estes materiais para facilitar a súa utilización e a súa comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital, proxector, ordenador e autofalantes.
Material funxible : lapis, folios, cartolinas..., balanzas, maquetas, regra, cinta métrica, calendario, reloxo analóxico e dixital, materiais manipulativos, fichas, regletas, cubos multibase, tangram, policubos,.
Ordenador dos alumnos, robots educativos, infografía, actividades interactivas....
Edixgal, distintas editoriais dixitais, programas de presentacións, Canva, genially, scrath ...
Libreta cuadriculada, estoxo,
Regras, compás.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, realizaranse diferentes actividades e exercicios que servirán como unha primeira toma de contacto coa materia para posteriormente realizar unha proba escrita para valorar o nivel en:

- Numeración
- Cálculo: suma, resta, multiplicación e división por varias cifras.
- Problemas: resolución de problemas con varias operacións.
- Xeometría: tipos de rectas, tipos de ángulos, elementos dunha circunferencia...

Esta proba servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo. As medidas a tomar son prestar especial reforzo ao bloque/s que presenten unha maior dificultade, así como reforzar ao alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas que atención á diversidade especificadas no apartado 6 desta programación..

Por outro lado, durante as primeiras semanas de clase recopilarase información sobre a dispoñibilidade de medios informáticos e a conexión a internet do alumnado, ao mesmo tempo que se adoptarán as medidas necesarias para que o impacto da fenda dixital sexa o mínimo posible no noso alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	45	40	50	40	60	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	55	60	50	60	40	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e orais e as táboas de indicadores.

As probas escritas e orais serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, exposicións orais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1 + UD2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD3 + UD4

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD5 + UD6

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

- Trimestral se acada un 5.
- Final se ten avaliación positiva nos tres trimestres ou se evoluciona favorablemente ao longo do curso aínda que teña avaliación negativa nalgún trimestre.



### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 40% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados a cal terá unha valoración do 60%.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e procederase a solicitar a Inspección a posta en marcha dun grupo de adquisición de lingua co profesorado dispoñible.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral y escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espíritu científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espíritu emprendedor	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade muller e home	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Educación para a Paz			X	X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X	X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída afectivo sexual	X		X	X	X	

### Observacións:

As unidades didácticas formuladas están contextualizadas en temas das ciencias naturais e sociais, contextualizándose coa vida cotiá o que facilitará a introdución de elementos transversais.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a museos da cidade	X	X	X
Charlas formativas	Policia Nacional, diversas institucións.	X	X	X

### Observacións:

Cada unidade didáctica terá asociada, algunha actividade complementaria, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.

Metodoloxía empregada
Coherencia ente os obxectivos e os contidos
Estilo de ensinanza
Temporalización
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades adecuadas
Organización dos recursos
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención a diversidade
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rol do docente
Procedementos de avaliación.

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, da utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, que permitirá comprobar e o programado se desenvolveu ou foi preciso realizar modificacións. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021792	CEIP Plurilingüe Salgado Torres	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 4 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel comeza o 3º e derradeiro ciclo de primaria, que procura que o alumnado deste centro mellore significativamente na súa autonomía ao longo deste, especialmente no que a producións artísticas se refire. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no ciclo anterior especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co DO deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar o alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expressar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cordea, vento e percusión	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 4º primaria insistindo de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través das tres grandes familias intrumentais como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	Agrupacións artísticas	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través das agrupacións	21	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Agrupacións artísticas	artísticas da música e da danza como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaránse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Voces	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as voces. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha cuidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Corda, vento e percusión	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre os diferentes subxéneros da música tradicional galega e elabora un listado con estes, engadindo algunha característica básica de cada un. Asocia os instrumentos á familia correspondente.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Toca na frauta as notas do-si; si bemol; do-sol agudos. Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Toca nun instrumento PAI e con metrónomo o patrón da alborada (negra + dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece as partes dunha muiñeira e recoñece, alomenos, os pasos de vasco, punta-tacón e diante-detrás.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente no baile dunha muiñeira. Realiza correctamente, alomenos, os pasos de vasco, punta-tacón e diante-detrás.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</li> </ul>

## Contidos

- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa

Contidos
- expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Agrupacións artísticas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e describe ligadura de unión, matices (ff, f, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro; Acell., Rit.) e articulación (picado, ligado).	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre músicas que se bailaban dende antes do Renacemento até o Romanticismo e elabora un listado con estas, engadindo a/s época/s e a procedencia. Recoñece algúns tipos de agrupacións.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía (8 c. de 2/4, 6 de 3/4 ou 4 de 4/4); do, re, mi, sol, la e do agudo; redonda, branca e negra con silencios e puntiño (agás negra con puntiño), dobre corchea e 4 semicorcheas.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4, 3 de 3/4 e 2 de 4/4: redonda, branca, negra (cos seus puntiños e silencio -agás puntiño na negra-, dobre corchea e 4 semicorcheas).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Discrimina entre un minueto e un branle.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente no baile dun minueto. Participa grupalmente no baile dun branle.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.</li> <li>- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Aproximación aos principais xéneros musicais.</li> <li>- Vocabulario específico de música.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.</li> <li>- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.</li> </ul>

## Contidos

- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	Voces	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama as notas: do-si; do-sol agudo. Realiza ditados de 10 pulsos rítmicos (negra, silencio negra, dobre corchea, 4 semicorcheas) e melódicos (do, mi, sol).	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre interpretacións de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas que interpretadas exclusivamente con voz. Clasifica as voces adultas en soprano, contralto, tenor e baixo.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Interpreta Indo eu coa fruta (FaM), entoa a letra e inventa propostas rítmicas para os 4 pulsos da B.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4, 3/4 ou 2 de 4/4: notas: do, mi, sol, la e do agudo; figuras: redonda, branca e negra (con/sen puntiño -agás negra con puntiño-) e os seus silencios.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado.	TI	80
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre diferentes danzas e bailes da Península Ibérica e elabora un pequeno listado que inclúa a procedencia e/ou rexións onde se bailan.		
